



Entrevista a Alessandro Forina e Ernesto G. Maleno

José María Barca López, Marisa Vidal Collazo

O pasado mes de febreiro, a Rede Galega en Apoio ás Persoas Refuxiadas organizou as xornadas «Refuxiad@s respostas solidarias» que trouxo a Vigo, Santiago, A Coruña e Ferrol a Alessandro Forina, da Rede Solidaria de Acollida de Madrid, e a Ernesto García Maleno, fillo da activista Helena Maleno, encargado de comunicación de *Ca-minando Fronteras* e voceiro de *Jóvenes en Pie* Madrid. Ao remate das xornadas, conversamos con eles.

Aínda que con diferentes puntos de partida, a orixe do voso traballo está nas fronteiras. Como entendedes o concepto de fronteira?

Alessandro: Nas Redes Solidarias de Acollida de Madrid denunciámos a diario o concepto de fronteira e a súa violencia, mais non só a fronteira física, non só os valos. Tamén hai fronteiras internas, fronteiras administrativas, fronteiras burocráticas, fronteiras simbólicas... Os CIE (Centros de Internamento de Estranxeiros) son unha fronteira, peores ca cárceres. Son unha fronteira, pois hai unha parede que os separa de nós, mais tamén son unha fronteira simbólica. Por exemplo, o CIE de Aluche, un antigo hospital psiquiátrico, está á beira da comisaría onde os inmigrantes teñen que realizar todos os trámites de estranxeiría. Cada persoa que acode á comisaría pasa a carón do CIE, a imaxe que proxecta sobre eles ese edificio é terrible. Para nós este é tamén un concepto de fronteira dentro da cidade de Madrid, co que traballamos apoiando e acompañando aos migrantes que teñen que regularizar a súa situación.

En concreto, que estades a facer neste momento?

Alessandro: Na Rede Solidaria de Acollida de Madrid temos dúas liñas de traballo. Unha é a axuda humanitaria, axudamos e acompañamos a persoas migrantes e solicitantes de asilo que se atopan nun limbo legal. Son persoas que están fóra do sistema de acollida, pois aínda non chegou unha resposta do ministerio á súa solicitude de asilo. Acompañámoslos a realizar os trámites, a buscar piso... cousas básicas que para calquera persoa poden ser normais, mais para as estranxeiras son outra fronteira, outra complicación máis. E a segunda liña de traballo é a denuncia pública, a denuncia política da situación das persoas migrantes, ben a través de redes sociais, con manifestacións, concentracións... e todo o que poida ir xurdindo para a difusión e sensibilización da precaria situación das persoas migrantes.

Ernesto: Camiñando Fronteiras somos un colectivo que traballa na fronteira sur desde o ano 2001. Vivimos e traballamos en Tánxer, en Marrocos, porque entendemos que a fronteira é unha realidade que ha entenderse no mesmo terreo. Non podemos teorizar e analizar a situación de lonxe, necesitamos plantarnos alí para tecer unha relación directa coas comunidades migrantes. O importante para nós é apoiar o traballo destas comunidades, non suplantar nin liderar. Entendemos que son as persoas migrantes as que se organizan politicamente como suxeitos que loitan pola mellora das súas condicións de vida. Nós estamos ao seu carón. Somos un colectivo moi pequeno, con moi poucos recursos, mais empeñado na visualización das situacións de vulneración dos dereitos humanos. Esta acción fíxose patente na causa de El Tarajal, na que fomos facendo públicas as execucións de prácticas ilegais. Nesa causa quedou patente que as forzas de seguridade, xa sexa por acción directa ou por omisión do deber de socorro, moitas veces acaban matando a centenaes de persoas nas fronteiras.

En Marrocos, como país de tránsito, desenvolvemos estratexias de apoio en relación á sanidade, á educación, á sensibilización, asistimos sobre todo ás vítimas de trata (de aí o noso enfoque especial de xénero) e á infancia. Tamén realizamos traballos de de-

nuncia da situación da fronteira sur como «espazo de non dereito»: abrimos causas xudiciais, comisións de investigación de verdade, acompañamos aos mortos das pateiras, tamén ás familias nos procesos de identificación nas *morgues*, contactamos coas familias nos países de orixe, etc. O traballo diario é, sobre todo, atender ás chamadas de auxilio que recibimos das pateiras que se atopan á deriva e que precisan ser rescatadas. Chámannos desde a mesma pateira ou desde as comunidades migrantes, e coordinámonos co fin de que o seu dereito á vida sexa protexido.

Que importancia lle dades no que facedes diariamente ao traballo de denuncia, de presión?

Alessandro: Se só quedáramos na axuda humanitaria, o noso traballo sería un círculo que non remataría nunca, porque se a sociedade civil organizada fai o traballo que lle compete ás institucións (protexer o dereito das persoas), estas desenténdense da súa responsabilidade. A denuncia serve, xa que logo, para apremiar ás institucións que son as responsables do que está a pasar, as que vulneran os dereitos humanos cando deberían respectalos e defendelos. Non estamos a pedir esmola nin favores. Son os seus dereitos como seres humanos os que se vulneran e é responsabilidade plena das institucións evitar que isto pase.

A denuncia serve tamén para avisar a esa parte da sociedade que non se quere involucrar no coñecemento destes problemas e na existencia ante as institucións. E refírome ás institucións a todos os niveis: policía, ministerios, gobernos, concellos e comunidades autónomas.

Ernesto: A denuncia é esencial porque os males deste mundo e os males da fronteira non suceden pola graza de Deus, senón que hai unha serie de responsables políticos claros; é unha cuestión política. Cando te quedas na postura asistencial, que asumen desgraciadamente moitas grandes ONG's xa moi institucionalizadas, estás poñendo parches a un problema que é eminentemente estrutural, político, sistémico: a xente morre porque hai vontade política de que a xente morra. Cando a fronteira se constitúe nun buraco negro na democracia, nun «espazo de non dereito» totalmente

escuro onde non se pode acceder á verdade, a denuncia serve para arrojar luz, para esclarecer mediante comisións de investigación cales son as causas desas mortes. Cómpre denunciar as políticas europeas, españolas concretamente, que se executan mediante devolucións en quente, deportacións, cesión da xestión de fronteiras, militarización... e que provocan, en última instancia, que a xente morra. A denuncia, por iso, é esencial.

Alessandro: Un exemplo ben claro é o que sucedeu hai catro anos en El Tarajal. Se non fose pola denuncia de *Caminando Fronteras* o sucedido pasaría desapercibido. A xente non tería ningún xeito de coñecer o que sucedeu. A denuncia serve para que a xente cuestione: isto está a pasar en Europa?, isto é a Unión Europea? O mesmo sucedeu coa denuncia da morte de Samba Martine, asasinada no CIE de Aluche. E como ela, está a haber demasiados casos de persoas asasinadas nos CIE. A través da denuncia a xente pregúntase: que son os CIE's?, non son centros de acollida?, que é e como funciona un centro de internamento? Isto crea conciencia e serve para forzar ás institucións para adoptar solucións, tímidas ás veces, para que as persoas migrantes polo menos non morran.

Os medios comparan o Mediterráneo cun campo de exterminio e as mortes de migrantes co holocausto. A vós que vos parece? É unha esaxeración?

Ernesto: Eu creo que a historia que estudamos é unha historia que se mira totalmente ao embigo: que crimes máis graves os que cometeu o nazismo! Mais durante esa mesma época, como funcionaba o réxime colonial de Leopoldo II na República Democrática do Congo? A día de hoxe este foi o maior exterminio do mundo pola cantidade de poboación alí masacrada.

Cales foron as consecuencias do colonialismo? Cantas vítimas esquecidas, consideradas nun nivel humano menor (como os xudeus polos nazis) e por tanto asasinadas como algo «normal»?

E agora, cando esas poboacións chaman ás nosas portas e morren, evidentemente a causa desas mortes é responsabilidade directa da Unión Europea e das súas lóxicas coloniais. O Mediterráneo é un masacre, é o gran exterminio da historia. Non é unha esaxeración.

Alessandro: Paradoxalmente, os primeiros campos de refuxiados que se constrúen en Europa son nos lugares de campos de concentración nazi. O mesmo campo que fora de concentración agora convértese en campo de refuxiados.

Co que pasa no Mediterráneo cambia o paradigma dos campos de exterminio. Os nazis mataban directamente ás persoas, agora déixanas morrer. É tanatopolítica pura e dura. Antes había unha persoa que se cría co control sobre o teu corpo e matábate directamente, o poder quitábache a vida. Agora o que pasa no Mediterráneo é que se deixa que morran. Non hai unha man que mata directamente, mais as persoas convértense en desbotables, en indeseables, e déixaselles morrer, merecen morrer. Isto é o que significa a tanatopolítica: é o poder quen decide quen pode vivir e quen non pode vivir. Nese caso, os subsaharianos non son persoas para a Unión Europea.

Os medios de comunicación e as políticas dos países distinguen entre refuxiado, inmigrante económico... Vós facedes esas diferenzas?

Ernesto: Isto é algo que vimos repetindo ao longo destes días. A xustiza e a forma de codificala, o feito de definir quen pode acceder á legalidade e quen non, é tamén unha maneira racista e interesada (non neutral) na que se presenta o estado. Isto ponse de manifesto nas oficinas de asilo. A oficina de Melilla está aberta ao público, mais no seu funcionamento apréciase moita discriminación. A de Ceuta está pechada; existe, mais non abre ao público. Esta é unha denuncia diaria das compañeiras migrantes subsaharianas. **Quen pode acceder ao trámite de solicitar asilo? Están podendo acceder as poboacións brancas, a poboación siria por exemplo (aínda que o feito de solicitar asilo non quere dicir que se lle conceda automaticamente).** Mais unha muller da República Democrática do Congo que foxe dunha mafia de trata, que foxe dun conflito político, dunha guerra, evidentemente tamén ten dereito ao asilo, mais ese dereito non se lle recoñece porque non se lles permite nin sequera presentar a solicitude.

Alessandro: O disxuntiva refuxiado *versus* migrante económico tamén é bastante nova, porque antes da construción da Unión Eu-

ropea existían os migrantes. O refuxiado existe legalmente a partir de 1951 despois da Segunda Guerra Mundial e a Convención de Xenebra. Antes eran simplemente migrantes. Despois da constitución da Unión Europea os migrantes pasan a ser extracomunitarios e logo denomínanse migrantes ilegais.

A partir de 2014, cando empezan a chegar a Grecia pateiras de persoas provenientes de Siria, Iraq e Afganistán, empézase a distinguir entre refuxiados (que serían estas persoas) e migrantes económicos, que seguen sendo os negros subsaharianos, dos que ademais se di que queren chegar á Unión Europea só e exclusivamente para aproveitarse do estado de benestar. Facer esas distincións é moi perigoso. Se nos fixamos na legalidade que dita a Convención de Xenebra, a definición de refuxiado é tamén bastante anacrónica, porque depende dos contextos. A Convención de Xenebra non distingue na súa concepción a quen procede do mundo islámico, nin aos refuxiados ambientais (polo cambio climático), non atende a cuestións de xénero. A protección que se contempla na Convención de Xenebra é só nos casos de persecución política, relixión ou raza, influencia clara do antisemitismo e as leis raciais que había nese momento histórico.

Agora hai que contextualizar a definición na situación actual. A xente foxe tamén pola fame. Distinguir un refuxiado dun migrante económico é facer ver que a economía non ten nada que ver coa política. Os desastres económicos, a inestabilidade dalgúns países, a fame negra, a pobreza... son cuestións políticas, son eleccións políticas. É moi simplista pensar que a pobreza é algo natural. A pobreza é consecuencia directa do espolio que desde occidente se infrinxe a África (pensemos na procedencia do coltán dos nosos teléfonos, por exemplo). Cómpre unha revisión do que significa legalmente o concepto de refuxiado.

O refuxio, a inmigración, son problemas complexos. Que vías de solución ou de avance vedes? Que pasos habería que dar?

Ernesto: Cando falamos deste tema non faltan as posturas racistas e simplistas. «Queredes que se eliminen as fronteiras? E que imos facer sen os estados?» Oxalá o debate que propoñemos

estivese nese punto da reflexión: un debate político e filosófico sobre o papel dos estados. Mais nós non estamos a discutir se as fronteiras son ou non necesarias. O único que estamos a dicir é que, unha vez acabada a Segunda Guerra Mundial, conformouse un escenario internacional que quere asegurar a paz e os dereitos humanos, que impulsa o proceso de descolonización deixando que os pobos sexan independentes e libres: o mundo enteiro recoñece a dignidade de toda persoa humana. Mais a día de hoxe os dereitos humanos retrocederon. Ninguén os está a tomar en serio, nin sequera aqueles que realmente os abandeiraban. Hoxe os dereitos humanos son entendidos para bombardear países e para levar a democracia a base de mísiles, mais non son entendidos para recibir, para abrir as portas, para abrir corredores humanitarios a quen o precisan. O único que dicimos é que, se a Convención de Xenebra, o protocolo de Nova York, recoñecen o estatuto de refuxiados, vendo as características destas poboacións que precisan axuda, se realmente somos a Europa dos dereitos humanos, vaíamos dar exemplo! Cumpramos coa legalidade internacional e asumamos a nosa cotas de responsabilidade.

En Europa deberían darnos vergoña as nosas políticas cos refuxiados fronte a países como Líbano, por exemplo. Un país dos poucos que quedan libres de xugo imperialista no mundo islámico, que non é precisamente rico, mais que asumiu como refuxiados ao 25 % da súa poboación total sen ningún tipo de problema. E nós temos a 18 persoas en Galicia acollidas e o goberno galego non pode darlles unha cobertura seria?

Alessandro: Claro. A solución é un proceso longo, que empeza na conciencia da poboación contra o racismo, e niso hai moita responsabilidade política. Por exemplo dise: «Están a violentar a fronteira», «Están a invadirnos»; e eu pregunto: quen? Persoas sen armas? E iso cala na opinión pública. Unha invasión sobreenténdese que é armada, e aquí os únicos que están armados son as forzas de seguridade que están a defender a fronteira de xente desarmada que o único que quere é buscar unha vida mellor, que está a fuxir de situacións tremendas.

É curioso como se usa vocabulario bélico para falar dos inmigrantes...

Alessandro: Si. Utilizan o vocabulario como lles dá gaña e nós tragámolo cunha facilidade abafadora. España comprometeuse a acoller en 2 anos a 17.337 persoas, unha cantidade que está moi lonxe do que está a acoller outros países como Líbano. Agora mesmo hai 65 millóns de migrantes forzosos en todo o mundo. O 86 % desas persoas están acollidas en países en vías de desenvolvemento, en países non ricos. Temos tanto medo? En serio non se poden respectar os dereitos humanos duns poucos nun territorio tan grande como a UE, con máis de 500 millóns de persoas? España cumpriu só o 11 % das resituacións ás que se comprometeu nun prazo de 2 anos. Menos de 2.000 persoas. O Estadio Bernabeu pode acoller a 80.000 espectadores. Canto ocupan 2.000 persoas na bancada do Bernabeu? Esta imaxe tennos que dar a todos un pouco de vergoña. As solucións serían moi fáciles se se quixese.

Queríamos saber das vosas motivacións. Alessandro: un italiano en Madrid traballando nunha rede de acollida de refuxiados? Ernesto: o teu compromiso cos refuxiados é case xenético. Como chegades a traballar nestas loitas?

Alessandro: Eu estou a facer unha tese doutoral en cuestións de asilo e xénero. Non é que me metese na rede por cumprir coas tarefas da miña tese. Certamente estou moi interesado, desde sempre, no tema de emigración e refuxio. Por iso estudei antropoloxía. Eu vivo en *Lavapiés* e a Rede de acollida funcionaba en *Lavapiés*, así que fun ver o que estaba a pasar. Independentemente da miña tese de estudo, paréceme moi importante dar difusión a este tema e visualizar os movementos sociais que, desde a horizontalidade e o feminismo, están a traballar a cuestión. A min os dereitos humanos interésame desde sempre, e éme moi importante poder facer algo aínda que sexa mínimo. Non me conformo só coa queixa, ou en financiar con 10 € mensuais a unha ONG. Iso para min non é dabondo. Non me conformo só coa queixa.

Ernesto. No meu caso é unha cuestión case xenética. Eu nacín no mar de plástico, en *El Ejido*. Vivín as redadas racistas, pois con-

vivía con moita poboación marroquí. Decidimos irnos a Marrocos a raíz do proceso de criminalización que se estaba dando con nós. Posicionámonos claramente de parte dos migrantes, e chegou un momento no que a situación fíxose insostible e emigramos. Fomos a Tánxer, unha cidade tamén de migrantes. Chegamos á cidade pobres e sós, con toda a vida por construír. Lembro xogar cos nenos do meu barrio a colgarme dos valos. Aos poucos decateime mentres aprendía árabe que ao que xogabamos era a collernos debaixo dos camións para pasar a fronteira. A realidade da migración impregnábao todo. Acórdome moito dunha moza, Hadiya, que foi como unha irmá para a min. Hadiya era unha posible vítima de trata. Chegara cuns pais que desconfiabamos que non fosen os seus. Viviu moitos meses comigo, mais, igual que veu, un día desapareceu. Ás veces, cando a recordo, asáltame a incerteza de non saber o que lle puido pasar. E lembro todas esas mulleres que chegaban á casa fuxindo, que tiñamos que esconder na igrexa, as redadas policiais que facían que a xente se tivese que agochar nos bosques. A miña nai ía traballar e eu quedaba ao coidado dun grupo de nixerianas que me facían trenzas porque tiña o pelo longo. Cando tocaba escapar non me deixaban só, levábanme con elas ao bosque. Era gracioso ver chegar ás voluntarias de Médicos do Mundo. Víanme alí, pequeno, loiro, entre moitas mulleres negras. «Que fas aquí?», dicíanme. Eu durmía a sesta no *tranquilo*, mais cando había redadas cargaban comigo e corrían monte arriba. Eu disto case non me decataba, era coma un xogo. Mais todo isto impregna a miña vida, do mesmo xeito que todas esas perdas que arrastro, xente coa que compartiches tanto, nenos que foron como irmáns teus, amigos... e da noite para a mañá tocaba chorar porque a pateira afundira. Agora estou en Madrid estudando Ciencias Políticas. Empecei a militar en diferentes movementos e a servir de ponte entre as Marrocos e Madrid. Vin con compañeiras marroquís. Aquí vense como migrantes e teñen que asumir unha serie de situacións que enfrontan coa colaboración de *Caminando Fronteiras*, asociación na que levo a parte de comunicación. O meu labor é basicamente contradicir o discurso racista que se espade pola sociedade. Estivemos colaborando coa parroquia de San Carlos Borromeo, nos CIE, asistindo a menores que chegan en pateiras e

precisan asistencia nas novas fronteiras dentro do estado español, (papeis, etc.) e aí seguimos.

Que vos achega como persoas o traballo con refuxiados?

Alessandro: Achégame o decatarme que vivimos nun mundo terrible. Ás veces síntome mal como ser humano, preguntando como é posible que suceda isto. Por que se non es branco tés que morrer no Mediterráneo? Por non ter papeis, non ter traballo, tés que vivir con medo a que a policía te deteña? Ou arriscarte a que te atopen na rúa e sen máis explicación te metan nun CIE e te deporten.

Ernesto: A min achégame realidade. Ao vivir en Madrid, camiñando pola rúa, ás veces penso: que fago? onde me estou movendo? Dáme a sensación de que estou a vivir nunha realidade precociñada, empacotada, edulcorada... na que todo o mundo vive á súa bóla, na que non pasa nada. E na base deste sistema de vida tan normalizado, debaixo, existe unha grande carga de violencia da que nos decatamos cando recibimos as chamadas das pateiras á deriva, de mulleres asasinadas, violadas, etc. Todo iso choca moito co cotiá. Hai unha realidade dura, que cómpre recoñecer e afrontar con humildade, abandonando as posicións cómodas. A min o que me achega sería isto: humildade, realidade e aprendizaxe. Creo que en Europa teríamos que aprender mil cousas destas xentes tan loitadoras e tan dignas.

Alessandro: E aprendes tamén a capacidade de resistencia que ten esta xente. No traballo, os problemas das persoas son nimiedades cando coñeces a un señor de Guinea a quen tardaron nove anos en darlle o asilo, que pasou pola desesperación máis absoluta, até o intento de suicidio por non ter ningún apoio en España. Cando ves que loita e que por fin consegue legalizar a súa situación, e velo sorrir cheo de enerxía, desas persoas si que aprendo.

Temos unha historia pendente, que é a de Helena Maleno. Como está a súa situación a día de hoxe? Como se chegou ata aquí?

Ernesto: Esta situación é algo ao que vimos asistindo desde hai moito tempo. Se xa o tema migratorio ten unha carga emotiva e

de traballo moi grande, nós desde hai moitos anos cargamos con outra máis: a criminalización, as ameazas telefónicas, a filtración da nosa vida privada,... Agora se sabemos que dende 2012 tivemos os teléfonos intervídos. Ao principio tomabámolo de broma, mais no ano 2014 converteuse en algo serio: miña nai sufriu un intento de asasinato no barrio de *Bujaled*. Daquela as institucións españolas non nos fixeron caso. Mais vin como a situación foi recruando a medida que se ían sucedendo os momentos críticos e as nosas denuncias na fronteira Sur. A cada momento aumentaban a represión e a criminalización, nunha guerra noxenta que non sorte efecto porque, grazas a Deus, Helena é unha persoa moi resistente. Ao ver que nada daquilo funcionaba pasaron á vía xudicial. Primeiro no Estado Español, onde se acusa a Helena de facer chamadas a salvamento marítimo. A policía elabora un expediente infame no que aparece caricaturizada como a maior traficante do Norte de África. Paradoxalmente, en todas estas supostas actividades de tráfico de persoas o mesmo informe non reconece lucro algún (traficar por altruísmo??), polo que a Fiscalía da Audiencia Nacional archiva a causa.

Mais non cesa o acoso. A Policía leva o informe a Marrocos e Helena é citada nos xulgados marroquís, onde xa foi declarar varias veces. Atopámonos no medio dun proceso moi longo e moi duro no que, independentemente do que pase, fíxose xa un dano moi grande. Agora estamos en espera, e non sabemos que pode ocorrer. Estamos no proceso de instrución, no que o xuíz de Marrocos ten que decidir se archiva a causa como fixo xa a Fiscalía en España (como tamén fai a policía marroquí coas denuncias que lle chegan contra nós, estimando que non hai delito nas chamadas que facemos a salvamento marítimo), ou se cede ás presións que poida haber e pasa a unha acusación formal e a un xuízo que lle pode custar dende unha multa á cadea perpetua.

Mentres sucede todo isto hai uns responsables políticos do noso estado, que mais alá da posible persecución política, teñen a obriga moral de notificar ao estado marroquí que a causa xa foi archivada en España, cousa que non está a querer facer malia á presión social e institucional. E atopámonos nese punto.

Que podemos facer desde aquí para apoiar

Ernesto: A campaña en contra foi brutal, pois somos unha organización moi pequena, de apenas 10 persoas. Mais houbo máis de 1.000 organizacións internacionais que nos deron o seu apoio, máis de 200 personalidades, mobilizacións, apoios, manifestos,... lembrándolle ao estado a súa responsabilidade nesta cuestión. Hai 60.000 cartas que en cuestión de horas escribíronse aos Ministerios de Interior e Exteriores apremándoo na súa obriga de comunicar a Marrocos o arquivo da causa nos tribunais españois. Eu creo que a nivel social realmente non podemos pedir máis, de feito non contabamos con todo ese apoio.

Mais todo isto serviu para algo máis: lanzar un novo debate nas axendas sociais, que é o da situación das defensoras dos Dereitos Humanos en Europa. Como o caso de Helena hai até 45 persoas en toda Europa que están a pasar polo mesmo. A sociedade española, a galega e os diferentes pobos de España teñen que tomar posición. Pediríamos que en todos os espazos públicos se faga denuncia a todos os niveis (local, estatal, europeo), se estea pendente das situacións, de todo o que imos colgando por redes e demais para ver que necesitamos en cada momento.

Desgraciadamente este de Helena Maleno non é o único caso. Existen persoas co mesmo problema noutros países europeos?

Ernesto: Si, e o primeiro que hai que facer é visualizalo. A prensa ás veces difunde a idea de que Marrocos persegue aos defensores dos dereitos humanos. É a lóxica racista de pensar que son os países do terceiro mundo quen non cumpren os estándares dos dereitos humanos cando de feito Marrocos cumpriu coa legalidade. Mais non. É a policía nacional española, a UCRID, o Ministerio do Interior, quen están detrás da criminalización, e como eles outros estados en diferentes partes de Europa que non teñen dabondo con deixar que a xente morra como resultado da aplicación das súas políticas criminais, senón que por enriba perseguen á sociedade civil, criminalizando á solidariedade. Disto estamos a ver moitos casos, especialmente nos países do sur de Europa: Italia, Grecia...

Alessandro: Si. Hai unha auténtica unión europea en todo isto (risas)

E para rematar: que vos queda de toda esta experiencia, da vosa visita a Galicia?

Alessandro: A min quedame unha sensación moi boa. Malia que en Galicia non hai tantas persoas refuxiadas ás que atender como en Madrid, vexo que hai unha rede bastante informada, que funciona e que se organiza bastante ben. Iso dá esperanza, ver como a xente se xunta e se organiza para concienciar e traballar. As charlas que demos estiveron moi ben, con moita xente, cousa que non nos adoita pasar. En Madrid hai moi pouca xente que se mobilice, e aquí atopei moita resposta, o cal é moi de agradecer. Xa vimos que só hai 18 persoas, en Lugo e Sarria, e que as institucións non saben ben que facer. Mais se hai persoas para dar unha resposta, pouco lle custaría ás institucións ter un plan de acollida que fose modelo para outros.

Ernesto: Eu voume moi contento a nivel persoal. Eu viña disposto a conectar con ese ADN migrante que ten o pobo galego. Sodes un pobo que fala da morriña para describir o que sente ao irse, ao moverse, ao cambiar de país. Onte tocovos a vós emigrar e hoxe toca apoiar a outras persoas e comunidades que están na mesma situación. Vese que hai xente que ten memoria neste país da desmemoria, que quere rescatar, que non esquece as súas experiencias pasadas. Iso agradécese moito.

Xosé María Barca López, Marisa Vidal Collazo
Rede Galega en Apoio ás Persoas Refuxiadas